CentroComercialAberto
CCA Melide
ASETEM
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio
ACTIVIDADE SUBVENCIONADA POLA
Deputación DA CORUÑA

Cerne

O xornal da Terra de Melide

Ano XVIII - Nº 213. Novembro 2023. Distribución gratuíta

O Polo de Emprendemento de Melide dará servizo a vinte e cinco concellos

Melide inaugura o Polo de Emprendemento que dará servizo a vinte e cinco concellos: Dodro, Padrón, Rois, Trazo, Tordoia, Oroso, Frades, Mesía, Ordes, Cerceda, Brión, Vedra, Teo, Santiago, Boqueixón, Ames, Val do Dubra, Touro, O Pino, Boimorto, Arzúa, Toques, Santiso, Sobrado e Melide.

Estas oficinas ofrecerán asesoramento a persoas cunha idea para emprender nun municipio rural pero tamén aos traballadores que xa teñan un proxecto en marcha. P4

Bocados 24 horas, varios servizos nun só comercio

Daniela e Leopoldo, responsables de Bocados 24 horas, preséntanos o seu establecemento no que ofrecen varios servizos como: restaurante, bar e alimentación de varias nacionalidades. P8

Un alumno melidá do Ciclo de Madeira gaña as Galiciaskills

Iago García, alumno do Ciclo de Madeira do IES de Melide, gaña as Galiciaskills na categoría de Ebanistería. Un premio que reivindica a ensinanza dos centros educativos máis pequenos. P14

EMPRESA
Asetem prepara a campaña 'Este Nadal toca en Melide' P3

MELIDE
A Axenda Cultural de novembro está cargada de actividades para a veciñanza P13

LECER
A nova directiva do Melide F.S chega con ilusión para seguir co legado de Javier Vázquez P20

ENTREVISTA

Jesús Castro Varela, J. Xaneiro S.L P23

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE
31 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca
www.asetem.com - Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Tribuna de opinión

A eterna procura da paz

Varias persoas sacándolle fotos aoo cadro de Picasso, *"Guernica"*. / Foto: M. R. S

Casas derrubadas, inxustiza, persoas feridas, armas, desesperación, crianzas falecidas, xenocidio, explosións, dor, impotencia, terrorismo, inhumano, ... Habería centos de verbas para describir ou falar das imaxes que dende hai semanas chegan da Franxa de Gaza, fotografías que describen unha realidade que vive a poboación palestina, ante a cal parece que, parte da sociedade, está algo adormecida.

Como é posible que un país invasor con máis de dez mil mortos, dos cales máis de catro mil son nenos e nenas, ás súas costas poida recibir a Medalla de Honra dunha cidade? Que ten de honor levarse por diante a vida de miles de persoas? A caso valen máis unhas vidas que outras? Onde quedou a empatía?

Toda violencia debe ser condena, indiferentemente do lado que veña. Os actos terroristas de Hamas son repulsivos e a invasión por parte de Israel tamén o é.

Nunha situación como a actual debemos esixirlle aos nosos gobernantes ter un papel principal pola paz, por rematar coa violencia contra un pobo, polo entendemento entre diferentes e a concordia. Non podemos permitirnos pasar desapercibidos en inxustizas como a que se está a realizar co pobo palestino, non nos gustaría que se España sufrira unha situación similar houbese unha masa social que fixera presión por frear esta violencia? Onde quedou a empatía?

Din que o fundamental para non repetir os erros do pasado é coñecer a nosa historia. Ao longo dos anos, a humanidade presenciou centos de situacións como: guerras, xenocidios, invasións, esclavitude, racismo, venganzas, homofobia, machismo, ... Suponse que a sociedade debería avanzar de xeito, practicamente, natural. Non obstante, os feitos falan por si mesmos.

"A paz non se pode manter pola forza; só se pode conseguir mediante a comprensión", Albert Einstein.

Editorial

A desvalorización dos oficios e o emprendemento

Xunta Directiva de ASETEM - CCA

Varios albaneis traballando na construción dun edificio. / Foto: istock

Nos últimos anos medra a tendencia, sobre todo entre a xente nova, de enfocar o seu futuro laboral cara o sistema de funcionariado. Esta corrente ten os seus riscos, xa que se a mocidade non emprende negocios novos ou colle o relevo das tendas ou establecementos familiares non se van xerar postos de traballo nin riqueza.

Para que a poboación cambie a mentalidade é necesario que a educación vaia enfocada cara un sistema máis personalizado, que poida sacar e formar a cada alumno ou alumna nas súas mellores habilidades ou capacidades para que poidan enfocar o seu devir profesional.

Na sociedade seguen presentes certos estigmas que cómpre eliminar, se un rapaz amosa cualidades para certos oficios como: fontaneiro, electricista ou albanel; tanto as familias como o sistema educativo deben apoiar esa saída laboral, dá a sensación de que moitas persoas consideran un "fracaso" que o seu fillo ou filla realice un destes oficios cando debería ser un orgullo.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
Publicación mensual de distribución gratuíta
COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Lorena Vidal
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
Telf. e Fax: 981 506 188 **E-mail:** info@asetem.com
COLABORACIÓNS: Latexo Logopedia, CEIP de Arcediago e Vanesa Quinzán
AGRADECEMENTOS: Pilar López e Imprenta Meligraf
IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.
DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

ASOCIACIÓN DE MEDIOS EN GALEGO

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

- OPINIÓN.....2
- EMPRESA.....3
- COLABORACIÓNS.....10
- MELIDE.....12
- COMARCA.....17
- CULTURA E LECER.....19
- ENTREVISTA.....23

Asetem pon en marcha os preparativos para a campaña local ‘Este Nadal toca en Melide”

O establecemento de Mis Mejores Labores na pasada edición da campaña de Nadal de Asetem. / Foto de arquivo

A Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide poñen en marcha todos os preparativos para a súa tradicional campaña ‘Este Nadal toca en Melide’.

Un ano máis, en Asetem queren contribuír a dinamizar e potenciar as compras no comercio de proximidade durante as datas do Nadal, por este motivo dende o 1 de decembro e ata o 12 de xaneiro, celebrarase a campaña ‘Este Nadal toca en Melide’.

Para que a iniciativa teña o maior percorrido e repercusión posible é fundamental a participación dos negocios asociados, que poden anotarse nesta actividade ata o vindeiro xoves 23 de novembro ás 13:00 horas. A maiores, o material poderase recoller entre o propio día 23 ata 30 deste mes nas oficinas de Asetem CCA.

O funcionamento da campaña será idéntico ao das edicións anteriores, haberá rifas para entrar no sorteo dos premios da Gala de Nadal, os cales terán algunha nova para sorprender e animar á clientela que merque na vila.

Dende o equipo directivo de Asetem animan a todos os asociados e asociadas a participar nesta iniciativa, así como a toda a veciñanza melidá e doutros concellos veciños a facer as súas compras de Nadal no comercio local do municipio.

Comezan novos cursos de formación en cociña

Varias persoas nun curso de cociña elaborando pratos. / Foto: istock

Novos cursos de formación sobre cociña dirixidos, especialmente, a persoas desempregadas da comarca (aínda que tamén se poden anotar persoas ocupadas) que se impartirán na Unidade de Acción Formativa en Melide.

O primeiro curso é de nivel 1 e leva por título “Operacións básicas de cociña”. Non require titulación previa e ofrecerase dende o vindeiro mércores 22 de novembro ata o 19 de febreiro de 2024 (360 horas).

A seguinte formación vai co nome de “Cociña” e darase dende o vindeiro mércores 22 ata o 13 de xuño do 2024. Neste caso si é preciso de titulación previa: ESO, competencias clave N2 ou outro certificado de profesionalidade de segundo nivel ou de primeiro se é da mesma familia.

Para participar nestes cursos é preciso solicitalo na Oficina de Emprego.

O Polo de Emprendemento de Melide dará servizo a 25 concellos

Melide inaugura o Polo de Emprendemento que dará servizo a 25 concellos: Dodro, Padrón, Rois, Trazo, Tordoia, Oroso, Frades, Mesía, Ordes, Cerceda, Brión, Vedra, Teo, Santiago, Boqueixón, Ames, Val do Dubra, Touro, O Pino, Boimorto, Arzúa, Toques, Santiso, Sobrado e Melide.

No evento de estrea do undécimo Polo de Emprendemento de Galicia estiveron presentes diferentes representantes das administracións públicas como a conselleira de Emprego e Igualdade, Elena Rivo; a vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ánxeles Vázquez; e varios alcaldes da contorna como o de Melide, José Manuel Pérez; o de Santiso, Manuel Adán; ou o de Toques, José Ángel Penas. A parte empresarial tamén estivo representada por persoal das Asociacións de Empresarios e Empresarias, como foi o caso de Asetem, e de varios empresarios da zona. O eido da formación tamén tivo a súa representación por parte de entidades como a EFA.

A conselleira de Emprego e Igualdade, Elena Rivo, na inauguración do Polo de Emprendemento en Melide. / Foto: C. E. I

No acto de inauguración o alcalde melidá, José Manuel Pérez, fixo fincapé en que "Melide vai ser un cruce de camiños para todas as persoas emprendedoras" e espera que o Polo de Emprendemento sirva "para a dinamización da comarca da Terra de Melide".

Por parte da Xunta de Galicia, tomaron a palabra Ánxeles Vázquez, conselleira e ex alcaldesa do municipio, que resaltou o espírito emprendedor da vila e a aposta do Goberno galego "polo emprego e a formación". Vázquez non quixo esquecerse de facer referencia a Altri, a empresa de fibras téxtiles que quere asentarse en Palas de Rei, e pediu "os apoios necesarios para que Altri se instale aquí", así como falou da "oportunidade" que supón para as comarcas desta zona a autovía que une as cidades de Lugo e Santiago.

A maiores, a titular de Vivenda comentou a necesidade dun maior acceso á vivenda para poder fixar poboación no rural. Para conseguilo, afirmou que o vindeiro ano vanse destinar máis de 169 millóns de euros para políticas de vivenda, polo que as axudas destinadas á compra de inmobles en vilas con menos de 10.000 habitantes dirixidas a menores de 35 anos contarán cun orzamento de 1'9 millóns de euros, un 27% máis que na anterior convocatoria.

De seguido, foi a quenda das xerentes de Atoupa Cooperativa, Ana María Penas e Carlota Vivero. Dúas emprendedoras que se asesoraron no Polo de Emprendemento de Monforte e actualmente contan cunha empresa en crecemento. Da súa experiencia neste ano de andaina salientan que para elas "o importante foi afrontar este proxecto co apoio do Polo". Nesta opinión tamén coincide a seguinte convidada neste acto, Iris López, emprendedora asesorada por outro Polo e que fai fincapé na soidade de emprender "polo que ter en quen apoiarte é imprescindible".

O obxectivo principal destas oficinas é o asesoramento personalizado e acompañar a cada persoa que teña unha idea de negocio ou interese por emprender. Non obstante, o persoal dos Polos tamén traballarán con empresarios e empresarias que xa teñan o seu proxecto en marcha pero precisen axuda para medrar ou mellorar.

Para solicitar os servizos destas oficinas de asesoramento chega con achegarse presencialmente (na Rúa do Convento, 1), chamar por teléfono (ao 601 53 06 27) ou contactar co persoal de xeito telemático (a través do correo: terrasdesantiago@polosemprendemento.gal).

Como peche do evento de inauguración, tomou a palabra a conselleira de Emprego e Igualdade, Elena Rivo, que definiu os Polos como "oficinas abertas para todas as persoas que queiran emprender no rural e ofrecerlle un acompañamento continuado, en cada unha das fases polas que vaian pasando os seus proxectos". Outro dos aspectos máis interesantes desta Rede de acompañamento é a creación dunha bolsa onde se poidan integrar negocios sen relevo xeracional para que persoas interesadas en emprender non teñan que comezar de cero e eses negocios continúen con vida.

Ademais, Rivo sinalou que a finalidade é acadar os 15 centros activos ao remate do ano para cubrir o 100% do territorio galego. Ata o momento hai abertos 10 Polos de Emprendemento, a maiores do de Melide, en: Ferrol, Mondoñedo, Coristanco, Friol, A Fonsagrada, Silleda, Monforte de Lemos, O Carballiño, Verín e O Barco de Valdeorras. A titular de Emprego comentou que dende a súa creación, estas oficinas de asesoramento atenderon a máis de 700 persoas ás que se lle prestaron máis de 2.200 titorías; os sectores máis demandados son a hostalería, o comercio e o sector primario.

Para finalizar, a conselleira destaca que o orzamento para darlle pulo ao emprendemento "increméntase nun 51'6% o ano que vén con respecto a este 2023, ata acadar os 30'6 millóns de euros". Dentro deste importe, inclúese 2'72 millóns para o mantemento dos Polos e 7 millóns en axudas para proxectos postos en marcha ao abeiro da Rede. Rivo tamén fixo fincapé nos 10'5 millóns de euros de axudas para apoiar o inicio e a consolidación de iniciativas de emprendemento; os 2'2 millóns para a posta en marcha do Centro de Orientación, Emprendemento, Acompañamento e Innovación para o Emprego; e, por último, 1'8 millóns de euros para unha bolsa de substitución de negocios que garanta a remuda xeracional e a continuidade das empresas.

A fachada do local do Polo de Emprendemento de Melide. / Foto: Cerne

Outubro remata coa maior subida de persoas desempregadas deste ano

Unha muller desempregada lendo información no escaparate dunha oficina de emprego. / Foto: Flickr

Outubro soe ser, tradicionalmente, unha mala época para os datos do paro e nesta ocasión non foi diferente. O remate deste mes finaliza coa maior subida do número de persoas desempregadas no que vai de ano, a cifra ascende ata os catrocentos catorce, o que supón un incremento de trinta e un parados.

O maior aumento sitúase en Melide con dezaseis persoas desempregadas máis (quedando en douscentos noventa e cinco), seguido de Santiso con sete máis (en total cincuenta), o concello de Sobrado remata outubro con seis parados e paradas máis (con trinta e nove en total) e, por último no municipio de Toques hai dous máis (quedando a cifra final en trinta).

Esta suba ten varios factores que a explican como: a fin dos contratos, especialmente nos sectores da hostalería e o turismo co remate dos meses máis fortes de traballo, e a finalización do Obradoiro de Emprego "Natureza no Camiño de Santiago".

Se nos fixamos por sectores, o eido dos servizos é o que máis parados e paradas aporta aos datos totais de outubro e séguelle, aínda que de lonxe, o ámbito do sector primario.

Nas comarcas limítrofes a situación é bastante similar, dado que a suba é xeneralizada. Na zona de Arzúa o incremento da cifra de persoas desempregadas é dunha vintena, sendo o propio concello de Arzúa onde se presenta o maior aumento con catorce parados máis. Na comarca da Ulloa os datos tampouco son positivos, xa que conta con dezasete desempregados e desempregadas máis, nesta zona é Palas de Rei o municipio con maior incremento (dez). Por outra banda, no territorio do Deza son cento dezasete as persoas que quedaron sen traballo no mes de outubro, sendo Lalín a vila que máis parados aporta, con setenta e cinco.

Na cuarta edición do Bono Activa Comercio a clientela esgota o crédito en menos de 10 días

Óptica Melide, un dos establecementos onde se podía gastar o Bono Activa Comercio en Melide. / Foto: Asetem

Na cuarta edición do Bono Activa Comercio a clientela esgota o crédito, 2,5 millóns de euros, en menos de 10 días.

Os datos proporcionados pola Xunta de Galicia, manifestan que esta iniciativa mobilizou preto de 12 millóns de euros, dos cales na Coruña foron case 4 millóns. No tocante á participación, en todo o territorio galego adheríronse a campaña 6.700, 38 deles en Melide e 1 en Sobrado.

Dos descontos desta iniciativa beneficiáronse máis de 124.300 usuarios e usuarias que decidiron mercar nos establecementos de proximidade.

Dende a Consellería de Economía dan por alcanzado o obxectivo dos Bonos Activa Comercio, que non era outro que "incentivar a demanda e atraer nova clientela ás tendas locais, ao tempo que se contribúe a reducir o impacto da inflación das familias". Por parte dos negocios da comarca que participaron na campaña fan un balance positivo desta edición.

Os vales de turismo pódense gastar en varios establecementos de Melide

Fachada da axencia de viaxes Zafiro Tours Melide. / Foto de arquivo

Os Bonos de Turismo desta edición, co lema #DescubreGaliciaenOutono, xa se poden gastar en varios establecementos do municipio.

Nesta ocasión, os negocios adheridos a esta campaña de promoción turística de Melide son: Hotel Lux Melide, Zafiro Tours (axencia de viaxes) e Hotel Carlos 96, entre outros.

Con estes descontos a estancia pode saírnos un 40% máis barato, cun máximo de 100 euros. Como era de esperar, dado o éxito da edición anterior os bonos de turismo esgotáronse en apenas 20 minutos.

Dende Asetem animan aos usuarios e usuarias a gastar estes vales nunha viaxe á comarca melidá.

Condenada unha empresa melidá por obrigarlle a un empregado a devolverlle máis de 600 euros do seu salario en metálico

Un mecánico, igual que o traballador que presentou a denuncia, arreglando un vehículo. / Foto: istock

Unha empresa melidá condenada, pola xustiza, por obrigar a un empregado a devolverlle en metálico parte da nómina que lle ingresaba por transferencia bancaria.

O traballador dun taller mecánico, logo de máis de 15 anos no posto, denunciou á empresa despois de negarse a devolverlle parte do seu soldo. Este empregado, con categoría de peón montador de rodas, recibía por transferencia bancaria unha nómina de 1.451'09 euros dos cales a empresa lle obrigaba a devolver en metálico máis de 600 euros. Esta situación repetíase todos os meses dende agosto do ano 2021, momento no que a empresa comeza a pagar os salarios por transferencia bancaria, xa que anteriormente a retribución mensual que recibía o traballador era de 800 euros en efectivo.

A sentenza recolle que en agosto e setembro de 2021 o empregado percibiu 1.148'43 euros. Non obstante, cando o denunciante comunicou "a súa desconformidade" por ter que devolver parte do soldo ingresado a través dunha transferencia "e cobrar realmente unha cantidade que non era a que se reflectía na nómina", a empresa "deixou de abonarlle o salario". A negativa do traballador a devolver esta parte do seu salario en efectivo supuxo o seu despido sen indemnización.

Por mor destes feitos, o xulgado do social condenou, o ano pasado á empresa melidá a abonar case 40.000 euros en concepto de indemnización, algo que acaba de confirmar o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ao que engade 7.500 euros máis "por danos morais".

Esta cifra final vén xustificada por mor dunha gravación, aportada no xuízo polo empregado, na que o denunciante conversa co representante da empresa, diante doutros compañeiros, e este lle fala de maneira ofensiva; e catro meses despois o traballador "iniciou un proceso de discapacidade temporal co diagnóstico de trastorno de ansiedade xeneralizada", un cadro que, segundo indica a sentenza publicada, "está en relación temporal cunha situación laboral adversa", a intención de despedilo "sen indemnización" do lugar onde o denunciante traballara dende o ano 2006.

A Asociación de Empresarios da Terra de Melide cumpre 34 anos

Fotografía de arquivo da gran campaña de Asetem, a de Nadal. / Foto: Asetem

A Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide cumpriu o pasado trinta de outubro trinta e catro anos de actividade.

Dende esta entidade asociativa levan máis de tres décadas traballando a prol do sector empresarial e comercial da comarca. Ao longo destes anos, dende Asetem realizáronse decenas de campañas e iniciativas para dinamizar o comercio local e en apoio aos empresarios e empresarias.

A redución da xornada laboral afectaría a máis de 12 millóns de persoas traballadoras

Debuxo que reflexiona sobre as horas que dedicamos ao traballo. / Foto: istock

Unha das medidas, con maior protagonismo, do pacto de Goberno firmado polo PSOE e Sumar é redución da xornada laboral máxima a 37 horas e media. Segundo os cálculos realizados polo Ministerio de Traballo esta norma afectaría a "12 millóns" de empregados, mentres que CCOO estiman que poderían ser entre "12 e 13 millóns".

A finalidade da medida é reducir de maneira gradual as horas de traballo, pasando 40 horas semanais da actualidade a 37 e media, sen redución salarial. O vindeiro ano reduciríase ata as 38 horas e media e, posteriormente, en 2025 chegaría ás 37 horas e media.

O obxectivo principal desta redución das horas laborais é "mellorar a compatibilidade do tempo de traballo co resto dos usos do tempo, dende un reparto equilibrado das tarefas de coidados e autocoidado ao tempo destinado á formación, ocio e participación social", detallan no acordo de Goberno.

Se esta medida sae adiante sería a primeira redución de xornada en 40 anos, dende que a anunciada por Felipe González en 1983.

PRUEBA 1 MES
AUDÍFONOS
GRATIS

tábora
CENTRO ÓPTICO Y AUDITIVO

ESTUDIO AUDIOLOGICO GRATUITO
FINANCIACION SIN INTERESES
ÓPTICA TÁBORA MELIDE
RUA PROGRESO,13
Tlf: 981 505 199 634950412

NUEVA
UBICACIÓN

tábora
CENTRO ÓPTICO Y AUDITIVO

ÓPTICA TÁBORA MELIDE
RUA PROGRESO,13
Tlf: 981 505 199 634950412

“Somos un 24 horas único porque ofrecemos varios servizos nun mesmo establecemento”

- Que ofrecedes en Bocados 24 Horas?

- Daniela: Preparamos comida e bebidas de Latinoamérica e España. Tamén elaboramos diferente repostería, toda ela caseira.

- Leopoldo: Somos un 24 horas único porque ofrecemos uns produtos que non podes atopar nesta contorna. Nós temos servizo de bar, restaurante, cafetería e un pequeno supermercado, é dicir somos únicos tamén por ofrecer varios servizos dentro dun mesmo establecemento. No noso bar e restaurante podes atopar elaboracións caseiras, só temos cinco mesas dado que é un local con trato moi familiar e próximo.

- Tiñades experiencia previa no sector?

- Leopoldo: Antes de chegar a España non porque en Venezuela tiñamos outras profesións pero ao chegar aquí non nolas convalidaron e comezamos a traballar en diferentes sectores. No meu caso traballei previamente en cociña pero neste tipo de negocio non tiña ningunha experiencia. Por outro lado, na parte administrativa si porque é a miña carreira profesional.

- Daniela: No meu caso eu xa traballei en comercios tanto aquí como en Venezuela, é máis xa tiven algún negocio propio tamén. Polo tanto, si que podo dicir que conto con máis experiencia neste ámbito.

- Levades pouco tempo co local aberto pero xa incorporades novos artigos.

- Leopoldo: Si, cada vez chégannos máis produtos de diferentes nacionaliades. A maiores queremos ampliar a cociña porque estannos demandando máis elaboracións e xa se nos queda algo pequena.

Lucila e Leopoldo no seu establecemento, Bocados 24 Horas no Cantón de San Roque de Melide. / Fotos: Cerne

- Imaxino que conseguir eses produtos de Latinoamérica non debe ser fácil.

- Daniela: É complicado porque non hai unha marca específica como pode ser Coca Cola para comprar.

- Leopoldo: Tivemos que facer moitas chamadas para conseguir ofrecer aquí estos produtos e moitos podemos vendelos grazas a que son comidas que elaboramos aquí de maneira caseira.

- Como responde a clientela a estas elaboracións e bebidas típicas da gastronomía de América Latina?

- Leopoldo: Encántalles, moitos proban aquí por primeira vez e repiten porque lles gustou moito. É máis, polo momento as reseñas que temos en Google son todas de cinco estrelas.

- Daniela: Queriamos que o noso establecemento fora especial e creo que o conseguimos porque non poden consumir estos produtos por aquí, teríaste que ir a Coruña ou Santiago.

- Leopoldo: Non obstante, tamén cociñamos comida española, a maioría, e tamén ten moito éxito.

- Para vir comer a Bocados 24 Horas é necesario reservar previamente?

- Leopoldo: Non, aquí hai que vir e xa está. Temos varias elaboracións en carta e o menú do día. Tamén vendemos pan pero faise aquí ao momento polo que a xente que o queira mercar ten que esperar un pouquiño ou aproveitar para facer outro recado.

- Estades notando a suba de prezos por parte dos provedores?

- Leopoldo: Hai cousas puntuais que suben cada vez máis, un exemplo disto son os aceites. Nós consumimos 36 litros de aceite á semana e nisto si subíu moito o prezo. Logo, outra das cousas que sube é a electricidade, nun negocio como o noso tes que ter todo encendido continuamente, polo que ou buscas unha compañía con mellores prezos ou repercutes a suba na clientela, o que tampouco queremos facer porque non queres que a xente compre menos ou deixe de facelo dado que iso implicaría gañar menos, é unha situación moi complicada.

- Estades no centro do municipio, tedes unha gran localización.

- Leopoldo: Si, a localización é boa porque ao pasar tamén o Camiño de Santiago moitos peregrinos veñen ata aquí para consumir e comprar. Iso que nós queriamos poñer varios anuncios do local máis adiante, no Camiño, pero a lexislación vixente non o permite. Non obstante, agora con internet a xente busca, ve os comentarios positivos que temos, as estrelas e deciden parar.

- Tedes redes sociais onde poidamos consultar a vosa oferta de produtos ou elaboracións?

- Daniela: Utilizamos só Google e Instagram. No primeiro, poden atopar os comentarios, fotos do establecemento, número de teléfono e outra información relacionada. No Instagram temos unha conta co nome de *“Bocados24h”* e aí poderán atopar fotografías das nosas elaboracións e produtos.

- Como respondeu a clientela nestes pouco máis de tres meses de apertura?

- Leopoldo: A maioría da xente queda encantada. Normalmente gústalles a comida que ofrecemos, a pesar de non estar acostumbrados a ela porque proban moito os pratos venezolanos, e repiten. De feito, temos clientela de distintas nacionalidades durante toda a semana, veñen holandeses, alemáns, franceses, etc, e todos queda encantados co trato recibido e cos servizos. Ademais, ao ofrecer uns produtos que non podes atopar nesta zona temos clientela de Lalín, Arzúa, Palas de Rei, Agola, etc.

O noso obxectivo é ir fidelizando a clientela, traer máis bebidas e comidas de marcas nacionais e latinoamericanas para que a clientela probe. Queremos ser un punto de referencia para que a clientela veña degustar estos produtos, manter a esencia dun 24 horas único.

- Que horario tedes en Bocados 24 Horas?

- Daniela: De domingo a xoves de 7:00 da mañá ata as 24:00 horas. O venres de 7:00 a 1:00 horas e o sábado dende as 7:00 ata as 3:00 da madrugada.

O alumnado do CIFP Compostela adéntrase nos doces típicos melidás

O alumnado escoitando a charla de Alberto Rodríguez sobre a repostaría tradicional de Melide. / Foto: Nós Comunicación

O alumnado do CIFP Compostela adéntrase nos doces típicos melidás (ricos, melindres e amendoados) da man do reposteiro de Pastelería Estilo e Presidente da Asociación de Repostaría Tradicional de Melide Terra Doce, Alberto Rodríguez.

Unha vintena de alumnos e alumnas do ciclo medio de servizos en restauración Dual e do ciclo medio de servizos en restauración do CIFP participaron a finais de outubro nunha charla sobre a repostería típica de Melide e as augardentes e licores tradicionais de Galicia. O alumnado puido catar sete destilados 100% galegos e coñecer máis sobre a elaboración dos doces máis típicos do municipio melidá, así como sobre o maridaxe de ambos produtos tradicionais.

Para poñer a parte máis doce da actividade foi Alberto Rodríguez o encargado de explicarlle aos rapaces e rapazas a elaboración dos melindres, ricos e amendoados para poñelos en valor e coñecelos mellor. Así mesmo, o alumnado tivo a oportunidade de probar estes doces.

Pola parte dos destilados galegos, foi Sonia Otero, vicepresidenta do Consello Regulador e enóloga, a encargada de explicarlles diversas nocións sobre estes produtos e organizar unha cata de sete licores e augardentes: tres augardentes de bagazo (unha de albariño, outro de godello e un híbrido da Ulloa), unha augardente envellecida e outro de herbas, así como licor café e de herbas, todas estas bebidas de elaboración galega.

Os dous poñentes nesta actividade no CIFP Compostela fan fincapé en que o alumnado "amosou en todo momento unha excelente predisposición e interese por todas as cuestións relacionadas con este ámbito, realizando preguntas de todo tipo, tanto técnicas desde temperatura de servizo ou a copa máis axeitada, como relacionadas coas elaboracións da repostería tradicional da vila melidense.

A maiores, non podía falta o xogo das maridaxes máis axeitadas para cada doce, no que o alumnado escolle que bebida lle senta mellor aos melindres, ricos e amendoados. Deste xeito, a augardente envellecida casou co amendoado, a augardente e o licor de herbas co melindre e por último, o licor café co rico. Para rematar a actividade os alumnos e alumnas tiveron que escolmar o seu destilado galego e o seu doce favorito, os gañadores desta competición foron: o licor café (que tamén gañou en popularidade) e o amendoado.

Esta iniciativa é unha mostra máis da necesidade de transmitir e poñer en valor os nosos produtos tradicionais, neste caso bebidas e doces típicos de Melide, entre as novas xeracións que moi pronto serán profesionais do sector.

No CEIP de Arcediago tamén festexaron o Samaín polo que a colaboración deste mes vai adicada a dito evento

Véndese leña picada de carballo

Santa María de Melide

636 866 996

ESTE MES LATEXO LOGOPEDIA CÓNTACHE...”

Cristina Fernández Barros
Nº col. 15/0099

latexo logopedia
Rúa Rosalía de Castro, 3 Melide
Teléfono: 642 007 210

SAAC E LOGOPEDIA

As siglas SAAC correspóndense con “Sistemas Alternativos e Aumentativos de Comunicación”. Son ferramentas, sistemas e estratexias que permiten complementar e/ou aumentar a linguaxe oral e a comunicación dalgunhas persoas usuarias de logopedia; concretamente, van dirixidas a aquelas que teñen algunha patoloxía que limita a súa comunicación e linguaxe oral, como no caso de enfermidades neurodexenerativas, parálise cerebral, trastornos do espectro autista, síndromes xenéticas, etcétera.

A utilización destes sistemas ten un impacto directo na aprendizaxe, na interacción social, na autoestima e na participación das persoas usuarias no seu entorno máis próximo.

Existen dous tipos de SAAC: de baixa tecnoloxía e de alta tecnoloxía. Os primeiros baséanse na utilización de pictogramas ou imaxes mediante as que se comunicará unha mensaxe. Estes pictogramas poden estar en papel ou usarse a través da pantalla dun ordenador ou tableta. Os de alta tecnoloxía son comunicadores que teñen un software instalado nun móbil, tableta ou ordenador con diferentes métodos de acceso, dependendo das capacidades da persoa usuaria. Así, poderá facerse o acceso de forma táctil (igual que nos dispositivos de baixa tecnoloxía), mediante rato ou teclado, a través da mirada ou con *joysticks*. Estes últimos empréganse cando a persoa só pode facer movementos cunha parte do corpo (man, perna ou cabeza), pero carece de precisión para acceder de forma directa.

Antes de utilizar ningún SAAC, a logopedista deberá avaliar aspectos como o tipo de dispositivo, os métodos de acceso e os softwares, que deben estar adaptados ás necesidades, capacidades e limitacións de cada persoa usuaria. De feito, o éxito do tratamento dependerá da correcta elección do SAAC e dun programa de adestramento deseñado de forma especializada e individualizada para cadaquén. Ademais, o adestramento farase coa persoa usuaria e co seu entorno para mellorar a adherencia ao mesmo.

O uso destes dispositivos non é incompatible coa rehabilitación da fala, senón que se considera un complemento. Pode axudar a que se produza un aumento das producións orais. Estamos falando de casos infantís ou de dano cerebral adquirido con bo prognóstico, xa que, en enfermidades dexenerativas, os SAAC serán a alternativa á función alterada. Aínda que moitas veces relacionemos o uso destes dispositivos con dificultades cognitivas ou mentais, debemos ter en conta que, en moitas ocasións, son as estruturas da fala as que non responden, non a cognición a que está afectada.

Tendo en conta que moitas persoas se enfrontan a gran variedade de barreiras de comunicación no seu entorno, o uso dos SAAC suporá un aumento da súa participación social, mellorando a súa autonomía e privacidade e véndose favorecido o seu entorno cunha comunicación máis eficiente.

O mundo tería perdido a xenialidade de Stephen Hawking pola ELA se non tivese un comunicador con síntese de voz e control por mirada. O desafío pasa por vencer prexuízos e facilitar a comunicación, educando en tolerancia e inclusión.

O outono nas nosas aldeas

Cae o outono nas aldeas e o cambio de hora trae consigo máis noite e máis silencio. No pobo as relacións humanas, máis ou menos sinceras, máis ou menos proveitosas, son obrigadas porque a comunidade está xunta, os coches zunen por diante das portas, e o veciño do lado está a só unha parede dos nosos ruídos, aínda que moitas veces a todo un abismo da nosa realidade.

Pero non tan lonxe do cruce de Melide, nas aldeas, de onde todos saímos, onde todos temos a orixe e, con sorte, alguén aínda ao que volver, o inverno non se mide pola hora do reloxo, senón polas horas de sol. Ás seis da tarde os vellos están xa detrás da cociña de leña, ao quente, pero moitas veces sós ante a frialdade do paso das horas, en días que son todos iguais un detrás doutro, ata que chega a fin de semana, a carteira que algún día se achega á porta, ou o camión ao que se lle compran os queixos unha vez por semana.

A pandemia que vivimos está afeita a que lle botemos a culpa de todo o malo que nos pasa, e non tanto pode ser así. É certo que ese parón das nosas vidas fixo que agora nos supoña un esforzo socializar, xuntarnos cos demais cando antes non era tal. Pero hai máis cousas: a xente maior das nosas aldeas apágase mainiño, coma a luz dunha candea, afundida nunha soidade que non elixe, porque aínda que teñan o entorno privilexiado, a alimentación máis sana, o ritmo de vida máis saudable, carecen do aloumiño da xente, da necesidade que temos todos de que nos acompañen, de que estimulen a nosa vida con conversas, risas, mesturas de persoas e de voces.

A misa dos domingos facía nas nosas parroquias as veces de terapia social necesaria para o encontro da nosa xente maior, e tamén mediana. Poñer a roupa nova, vestirse “de domingo” e parolar cos iguais á saída da misa cargaba pilas e enerxía moito máis aló das crenzas. Pero agora pasan as semanas e os vellos que viven a menos dun quilómetro entre si botan meses sen verse porque non hai para eles ningún lugar común que os saque da cárcere de cristal que é a súa cociña de leña. Quedaba a sala de espera do médico á que, tampouco agora se pode ir sen vez, e a xuntanza faise imposible.

A falta de puntos de encontro para a xente maior das nosas aldeas non se soluciona con ter un local social, porque tamén temos igrexas fermosas, pero baleiras. As aldeas hai que dinamizalas, levar alí reclamos, xuntar a súa xente, poñerlles un coche para que poidan desprazarse, aínda que sexa só uns metros, que moitas veces son para eles insalvables; promover que se xunten, que saiban uns doutros e sigan tecendo a necesaria capa de rural que sostén o noso País. Os teléfonos móbiles que conectan á mocidade virtualmente, restan cada vez máis espazo para o encontro porque son unha anestesia tan perigosa para as relacións sociais como o total illamento. Sabemos todo o que pasa en Madrid, e as noticias de Cataluña, ata sabemos onde está Gaza, pero ignoramos completamente se xa saíu da gripe Pepe de Maruja, ou se foi pasar uns días cos fillos Carmen de Quintela, que vive ó pasar a fonte, porque leva días coas fiestras pechadas. Coma todo, cando todo isto falte, lembrarémolo cunha morriña que non permite volver atrás.

Vanesa de Quinzán

Aberto o prazo para solicitar as axudas económicas a prol da natalidade no municipio melidá

As mans dunha nai acariñando a pequena man do seu bebé no berce. / Foto: istock

O Concello de Melide abriu o prazo para a solicitude das axudas económicas a prol da natalidade no municipio.

O obxectivo destas achegas é axudar a fixar poboación na vila. Por este motivo, poderán ser persoas beneficiarias desta axuda os pais ou nais que estean empadroados en Melide e que tiveran ou adoptaran un fillo/filla entre o 1 de novembro do 2022 e o 31 de outubro deste ano. Ademais, deben cumprir os seguintes requisitos: os proxenitores, ou polo menos un deles, deberán estar empadroados no Concello cunha antelación mínima á data do parto ou da adopción de 6 meses; as crianzas deberán inscribirse no padrón de habitantes; a persoa solicitante deberá comprometerse a seguir empadroada no municipio, ao igual que o neno ou a nena, por un período de catro anos dende o nacemento ou a adopción; e, por último, o empadroamento suporá a residencia efectiva, polo que tanto a persoa beneficiaria como a crianza, deberán vivir habitualmente en calquera das parroquias de Melide.

As axudas poderán ser de como máximo 300 euros por cada fillo ou filla que nacera ou adoptaran no período de tempo contemplado para estas achegas.

O prazo para presentar estas solicitudes remata este mércores 15 de novembro. Para presentar a solicitude é preciso cubrir e asinar o documento anexo ás bases, pódense consultar na páxina web do propio Concello, e entregalo no Rexistro Xeral da Administración local. A maiores, deste documento, os pais ou nais deben aportar: fotocopia compulsada do libro de familia e do DNI da persoa solicitante; no caso das adopcións, copia do auto xudicial de adopción; declaración xurada das axudas solicitadas ou recibidas coa mesma finalidade; o compromiso de seguir empadroado en Melide polo período establecido e de proceder á devolución da axuda no caso de non cumprir algún dos requisitos necesarios, ou ben cando sexa probado polo Concello que non se cumpre algúns dos mencionados requisitos; certificado dos datos bancarios e de estar ao corrente de pago coas Administracións Públicas.

Estas achegas municipais son compatibles con outras recibidas ou solicitadas a outros organismos públicos coa mesma finalidade.

O Obradoiro de Emprego con alumando de Melide, Toques, Santiso e Arzúa rematou a súa andaina

Alumnado e profesorado do obradoiro cos representantes políticos. / Foto: C.M

O Obradoiro de Emprego "Natureza no Camiño de Santiago" rematou a súa andaina o pasado dezaseis de outubro nun acto de clausura ao que asistiu o alumnado e profesorado da iniciativa, así como os alcaldes de Melide, Toques, Santiso e Arzúa, o xefe territorial da consellería de emprego e igualdade, e os concelleiros de promoción económica e emprego de Melide e Arzúa.

Este proxecto educativo formou durante un ano a vinte persoas (veciñanza dos municipios anteriormente mencionados) en materia de repoboación forestal e tratamentos silvícolas. O alumnado puido aprender todo o necesario para desenvolverse profesionalmente nestas áreas, recibindo durante todo o curso clases teóricas e prácticas remuneradas. O obxectivo é que poidan aplicar esta aprendizaxe no futuro na súa vida laboral.

Nestes meses, as persoas participantes realizaron traballos na concentración parcelaria Maceda - Orois e no roteiro dos Montes do Bocelo, en territorio melidá.

No concello de Arzúa, fixeron traballos de roza e mantemento na Mota, Oíns, Castro Curbín, Tronceda, Dombodán e Burres.

En Santiso, o alumnado actuou na zona naútica de Beigondo e nos campos da festa de Barazón, Serantes e Visantoña.

No municipio de Toques, os participantes do Obradoiro de Emprego traballaron na contorna das capelas de San Cidre e San Antolín, así como nas Fervenzas de Brañas e o Forno dos Mouros, entre outros.

A ANPA do CEIP Martagona realiza varias actividades a prol da igualdade

Profesorado, pais e nais reciben unha charla sobre igualdade. / Foto: A. M. C. G

A ANPA da CEIP Martagona realiza varias actividades a prol da igualdade, dirixidas a profesorado, pais, nais e alumnado.

Esta iniciativa da Asociación de Pais e Nais engloba unha programación na que se desmontan estereotipos de xénero, ensinan historias protagonizadas por mulleres e forman a docentes e familias para aprender en igualdade.

Ademais, o vindeiro 24 de novembro, no Ximnasio do centro o alumnado de 5º e 6º de primaria analizarán as letras das cancións actuais, con trazas machistas, e deseñarán unha letra reivindicativa.

A Axenda Cultural do mes de novembro cargada de actividades para toda a veciñanza

A Axenda Cultural do mes de novembro, organizada polo Concello de Melide, está cargada de actividades e iniciativas para toda a veciñanza, algunhas delas encadradas dentro do programa contra a violencia de xénero.

Para comezar, mañá (martes catorce) impartirase no Centro Social unha charla sobre saúde mental e mulleres, para esta actividade é preciso inscribirse de xeito presencial no propio Centro ou chamando ao teléfono 981 50 57 06.

Na xornada do mércores o alumnado de cuarto de primaria do CEIP Martagona e CEIP Mestre Pastor Barral realizarán un obradoiro contra a violencia machista. Ao día seguinte, serán os estudantes do CEIP Nº1 os que participarán nese mesmo obradoiro.

O xoves dezaseis de novembro, proxéctase o documental: *"María Casares, a muller que viviu mil vidas"*, ás 20:30 horas no Centro Sociocultural Mingos de Pita. Na xornada seguinte continúa o cine, nesta ocasión coa película de ficción: *"Live is life"*, no mesmo horario e espazo que o día previo. O propio venres o alumnado de quinto de primaria do CEIP Martagona participarán nun podcast sobre o 25N.

O sábado dezaoito, é a quenda da xornada micolóxica, as persoas interesadas en participar deben anotarse no departamento de cultura de maneira presencial, mandando un correo a cultura@concellodemelide.gal ou chamando ao 981 50 50 03.

Na xornada do luns vinte de novembro, os rapaces e rapazas de terceiro da ESO do IES da vila realizarán un escape room con temática sobre a igualdade. O martes, todas as escolas desfrutarán do teatro *"Contos vellos novos finais"*.

De cara ao final da semana, o xoves vinte e tres volve o cine ao Centro Sociocultural Mingos de Pita, ás 20:30 horas co documenta *"Onde máis doe"*. O venres presentarase nas redes sociais o vídeo arredor do 25N realizado polo alumnado do IES de Melide. Nestas xornadas cargadas de actividades, o sábado, Día Contra a Violencia de Xénero, ás dez da mañá procederase á lectura do manifesto e unha posterior andaina de 6,5 quilómetros polo municipio; para acudir a andaina é preciso anotarse ou ben na APP Sporttia ou no departamento de deportes.

Para rematar o mes, o martes vinte e oito ás 17:00 horas, no Centro Social impartirase unha charla sobre o solo pelviano; para esta actividade é preciso inscribirse no Centro Social ou chamando por teléfono. O mércores, a melidá Fé Núñez presentará o seu libro *"En Sístole"* no Centro Sociocultural ás 19:30 horas. E, por último, o xoves trinta de novembro proxectarase a película *"Unicorn Wars"*.

Maiores e pequenos desfrutando do Magosto no Pazo de Congresos do municipio. / Foto: Turismo Melide

Inaugurada a escultura *"Be welcoming"* de Timothy Schmalz xunto a Capela de San Roque

Todos os representantes e veciñanza que acudiron á inauguración da estatua *"Be welcoming"*. / Foto: Diocese de Lugo

Representantes da Diocese de Lugo e do Concello de Melide, entre outros, asistiron á inauguración da nova escultura, *"Be welcoming"* (sexan acolledores), situada xunto a Capela de San Roque de Melide. Esta obra do artista canadense, Timothy Schmalz, representa un peregrino que se transforma nun anxo, unha man tendida e un lugar onde sentarse.

A escultura *"Be welcoming"* está feita en bronce, mide 1'54 cm de largo por 92 cm de ancho, 1'32 metros de altura e pesa 215 quilos.

Esta escultura chegou á vila grazas á doazón previa do filántropo John Studzinski á Diocese.

O Bispo de Lugo, Monseñor Alfonso Carrasco Rouco manifestou no acto de inauguración que "ser acolledores representa esa profunda esperanza dos que se poñen no camiño por calquera motivo. Esa esperanza que expresa moi ben a idea do anxo que non abandona ao camiñante". Por outra parte, o alcalde do municipio, José Manuel Pérez, agradeceu "a elección de Melide como sede permanente desta escultura, que vai quedar para a historia patrimonial da nosa vila, unha vila que naceu en pleno do corazón de Galicia grazas ao Camiño de Santiago".

A escolma do municipio melidá para poñer esta simbólica estatua non foi casual, xa que é en Melide onde se unen o Camiño Francés e o Primitivo. Dende o Bispado de Lugo fan fincapé en que "no 2022, o número de peregrinos que chegaron a Santiago de Compostela superou os 435.000, o que non só supuxo un notable incremento con respecto ao ano anterior, senón que marcou un novo récord. Gran parte destas persoas conflúen en Melide, unha das últimas etapas. Espérase que esta nova escultura se converta nun reclamo para os camiñantes e unha oportunidade para reflexionar sobre a necesidade de acoller ao diferente". Un motivo máis para que non só persoas peregrinas senón tamén visitantes se animan a achegarse ao municipio melidá que contén múltiples atractivos turísticos e un tesouro patrimonial.

Un alumno do Ciclo de Madeira e Moble do IES de Melide faise co primeiro premio da modalidade de Ebanistería das Galiciaskills

O Galiciaskills deste ano, na categoría de Ebanistería, leva nome propio: Iago García e o Ciclo de Madeira e Moble do IES de Melide. Este estudante do centro educativo melidá conseguía na última semana de outubro o primeiro premio deste campionato galego que reúne a diverso alumnado de Formación Profesional.

Este galardón é unha maneira de "reivindicar o traballo e aprendizaxe que se realiza en centros máis pequenos como o de Melide", fai fincapé Javier Iglesias, titor de Iago e mestre no Ciclo de Madeira e Moble. O numero de alumnado por aula é un parámetro que marca a diferenza, xa que nunha aula de dez persoas o profesorado pode ofrecer unha ensinanza moito máis personalizada que nunha dun centro integrado onde conviven vinte ou máis alumnas e alumnos por curso. Este non deixa de ser un factor a ter en conta polo alumnado para poñer en valor a calidade da ensinanza en centos máis pequenos como son o melidá. Unha mostra máis do nivel de aprendizaxe nesta formación son os altos cargos e postos en importantes empresas que acadaron antigos alumnos e alumnas do Ciclo.

O punto de partida para a participación no Galiciaskills comeza coa proposta por parte de Javier Iglesias e Iván Carreira, titores da Formación, para buscar voluntarios. "Para nós que Iago e Marcos se propuxeran para participar xa foi o primeiro triunfo", comenta Iglesias. Marcos Carracedo foi o alumno participante na modalidade de Carpintería coa axuda de Iván Carreira como titor.

Para preparar a competición, dende a Consellería pásanlle aos centros participantes un modelo do que o alumnado vai ter que realizar, nas chamadas olimpíadas de FP, e a partir dese modelo a variación pode ser dun 40%. No IES de Melide, en canto lles chegou a proposta puxéronse mans á obra para tentar levalo o máis controlado posible. "Na competición tamén é moi importante estar tranquilo e non bloquearse polas modificacións, neste caso Iago conseguiu realizar os cambios sen problemas pero a Marcos puidéronlle máis os nervios", sinala Iglesias. Non obstante, esta andaina non remata aquí, xa que Iago e Javier terán que acudir ao campionato nacional, previsto para o primeiro cuadrimestre de 2024 en Madrid. E, no caso de gañar, acudirían á competición internacional en 2025.

O alumando e titores do Ciclo de Madeira participantes nas Galiciaskills, en Silleda, co premio. / Fotos: Javier Iglesias

A maiores, dende o Ciclo de Madeira e Moble do IES de Melide queren amosar o seu agradecemento a Grupo Noguerol por ceder o equipamento de seguridade ao alumnado participante e a Madeiras Besteiro por aportar o premio económico da proba, 200 euros que o gañador poderá gastar no que queira na empresa.

Estes bos resultados nesta competición autonómica de Formación Profesional supón unha gran publicidade para o Ciclo de Madeira do municipio melidá que, nos últimos anos, está a sufrir unha baixada de matrículas. Na actualidade, en Melide hai matriculados sete estudantes na FP Básica, sete no primeiro curso do Ciclo e dez en segundo. "Os pais e nais queremos o mellor para os nosos fillos e fillas pero debemos entender que non todos podemos ser avogados ou médicos", reivindica Iglesias. Aprender un oficio é moitas veces a mellor saída para os rapaces e rapazas, un bo exemplo disto é Iago García, o gañador desta edición do Galiciaskills, "el primeiro fixo a FP Básica e de aí, o primeiro curso do Ciclo de Madeira e agora no segundo conseguiu gañar esta competición. A FP Básica é unha ferramenta para o alumnado que non se adapta ao sistema", fai fincapé o seu titor. Facer a FP Básica non implica que non poida ter unha boa saída laboral nin tampouco ser un mal profesional.

Nun momento de inestabilidade do mercado laboral, como é o actual, e no que todo o mundo busca as chamadas *"profesións do futuro"*, Javier Iglesias sinala que "os oficios de sempre van seguir tendo traballo, todos os anos temos empresas que nos piden alumnado para incorporar a traballar porque non dan feito. A día de hoxe pode gañar tanto un carpinteiro ou un fontaneiro que unha persoa cun grao".

Ademais, o sector da madeira en Galicia está nun gran momento e é recoñecido a nivel mundial, o que non deixa de ser un valor engadido máis para formarse neste eido. Dende o Ciclo de Madeira e Moble do IES de Melide animan tanto a pais e nais como alumnado interesado no sector a coñecer o taller e visitalos para poder ver de primeira man todas as posibilidades e ferramentas que ten estudar aquí; "as portas do taller están abertas todos os días para quen queira vir. Moitas veces a xente sorpréndese de toda a dotación que temos no taller, hai un gran descoñecemento", sinala Javier Iglesias. Nesta formación combinan e compaxinan as técnicas tradicionais con outras máis innovadoras nas que tamén hai moita falta de persoal nas empresas do sector.

Outro estereotipo co que urxe rachar é a masculinización do oficio, no Ciclo do IES de Melide, neste curso só hai dúas alumnas matriculadas. Un síntoma de que aínda quedan moitas cousas por mudar, dado que para un oficio como o de carpintería o importante é ter as habilidades non ser home ou muller. Por iso, dende o centro melidá animan a todas as rapazas que estean dubidando sobre estudar algo do sector se decidan a facelo.

Ao mesmo tempo, nesta Formación Profesional da localidade tamén teñen un forte compromiso co comercio de proximidade, xa que á hora de mercar material para o taller, "se é posible, sempre o mercamos nas empresas ou establecementos locais de Melide porque cremos que é correcto", comenta Iglesias. Este compromiso non deixa de ser unha ensinanza a maiores para o alumnado da importancia de crear redes de colaboración entre os diferentes sectores do municipio.

Concello de Melide

AXENDA CULTURAL

NOVEMBRO 2023

Xoves, 2 de novembro
20:30 h Centro sociocultural Mingos de Pita
CINE: DOCUMENTAL
NON SOMOS NADA



Venres, 3 de novembro
20:00 h Sala de conferencias do Edificio Multiusos
II CICLO CULTURAL LITERATURA NO CAMIÑO
PRESENTACIÓN DO LIBRO "AS ALUMNAS"
de Paula Carballeira

Venres, 3 de novembro
20:30 h Centro sociocultural Mingos de Pita
CINE: FICCIÓN
CÓDIGO EMPERADOR

Sábado 4 e 18 de novembro
Inscrición no departamento de cultura
XORNADAS MICOLÓXICAS

Domingo, 5 de novembro
Cantón de San Roque
MAGOSTO
20:00 h: concerto de
TANTO NOS TEN



Xoves, 9 de novembro
20:30 h Centro sociocultural Mingos de Pita
CINE: FICCIÓN
O CORPO ABERTO



Venres, 10 de novembro
20:30 h Centro sociocultural Mingos de Pita
CINE: ANIMACIÓN
VALENTINA *(Animación)*

25N NOVEMBRO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO MELIDE 2023

Martes, 14 de novembro
17:00 h Centro social
(Inscrición previa no centro social)
Charla: Saúde mental e muller

Xoves, 16 de novembro
20:30 h Centro sociocultural Mingos de Pita
CINE: DOCUMENTAL
MARÍA CASARES, a muller que viviu mil vidas

Venres, 17 de novembro
20:30 h Centro sociocultural Mingos de Pita
CINE: FICCIÓN
LIVE IS LIFE

Xoves, 23 de novembro
20:30 h Centro sociocultural Mingos de Pita
CINE: DOCUMENTAL
ONDE MÁIS DOE

Sábado, 25 de novembro
10:00 h Praza do Convento
Andaina e lectura do manifesto

25N NOVEMBRO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO MELIDE 2023

Martes, 28 de novembro
17:00 h Centro social
(Inscrición previa no centro social)
Charla: Solo pelviano

25N NOVEMBRO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO MELIDE 2023

Mércores, 29 de novembro
19:30 h Centro sociocultural Mingos de Pita
PRESENTACIÓN DO LIBRO
En Sístole
da melidá Fe Núñez

Xoves, 30 de novembro
20:30 h Centro sociocultural Mingos de Pita
CINE: ANIMACIÓN
UNICORN WARS

11, 12 , 18, 19, 24, 25 e 26 novembro
19:00 h Centro sociocultural Mingos de Pita
SEMANA DA MÚSICA DA TERRA DE MELIDE

PRODUCTOS ALIMENTICIOS
MELLA

Almacén: Polígono da Madanela - Melide, 15800
981 58 71 36
productosmellasl@gmail.com

Pasarela

Tenda de roupa de muller e comuñón
Rúa Alexandre Bóveda, 10 - Baixo
15800 - Melide
981 50 59 08

pasarela_melide pasarela pasarela pasarelamelide.es

PANADERÍA - PASTELERÍA
TOQUES

Pan artesán - Empanadas - Bocadillos
Pasteis - Polos asados -
e moito máis!

Melide: Av. Lugo, 31 / 981 50 51 81
Toques: DP - 4604, 30 / 981 50 47 60
panaderia.pasteleria.toques@hotmail.com

O Mercado de Nadal do alumnado de Toques celebrarase os días oito e dez de decembro

Decenas de persoas visitando o Mercado de Nadal organizado pola ANPA do CEIP de Toques. / Foto: ANPA O Badal

O Mercado de Nadal do CEIP Plurilingüe de Toques, organizado pola Asociación de Pais e Nais O Badal, celebrarase os vindeiros venres oito e domingo dez de decembro.

O alumnado do centro educativo do municipio toquense e as súas familias volven poñerse mans á obra para facer fermosos agasallos, decoración de Nadal, e outros artigo para vender nos seus postos no Mercado.

Logo do éxito do ano pasado, que foi a primeira edición, dende a ANPA buscan volver a recadar fondos dunha maneira diferente para poder desenvolver actividades no ámbito educativo e ademais e unindo ás familias, grandes e pequenos.

Todo o traballo que hai detrás de cada artigo merece unha boa acollida do Mercado de Nadal.

Todo o territorio de Sobrado terá fibra óptica en verán

O alcalde de Sobrado firmando o convenio coa empresa. / Foto: C. Sobrado

O alcalde de Sobrado, Lisardo Santos, vén de asinar un convenio coa empresa de telecomunicacións Rede Aberta para a implantación de fibra óptica de alta velocidade en todo o territorio municipal. A previsión que se fai dende o Concello indica que no verán de 2024 este servizo chegue a todas as parroquias de Sobrado.

Este convenio pon fin a "unha demanda histórica da veciñanza", comenta o rexedor. Unha actuación en liña con outras promovidas pola Administración local para fixar poboación en zonas rurais.

C/ RONDA DE CORUÑA, 16
MELIDE - Tel. 981 506 097
(E-15-0012058)

ALAIN AFFLELOU
Óptico y Audiólogo

ata o 27 de novembro

Este Black FRIDAY

-60% Dto.

pikolin

*Consultar modelos disponibles en la promoción.

black FRIDAY! -21% DTO.

EN TODOS OS MOBLES E ARTIGOS DA EXPOSICIÓN

*AGÁS PROMOCIÓNS

MOBLES ARES

Visitanos tamén en www.moblesares.com

ABERTO DOMINGOS DE 10h. a 14h.

Convocada unha nova edición de *"Toques, unha paixón"*

As mans dunha persoa sacando unha foto como as do concurso. / Foto: istock

O Concello de Toques, coa colaboración da Deputación, vén de convocar a sétima edición do concurso fotográfico *"Toques, unha paixón"*, no que as concursantes poderán enviar ata tres fotografías realizadas no ámbito municipal. As imaxes deberán enviarse en formato dixital a marina.corral@toques.gal antes do 15 de decembro, xunto cos datos persoais.

En canto á contía dos premios, a persoa gañadora levará 100 euros, quedando 60 e 40 euros para o segundo e terceiro clasificados no certame.

Os xogos tradicionais galegos recoñecidos como manifestacións lúdicas en Portugal

Participantes da Asemblea da Asoc. Europea de Xogos Tradicionais. / Foto: AGXPT

Os xogos tradicionais galegos acaban de ser recoñecidos como manifestacións lúdicas do patrimonio lúdico da lusofonía.

A mediados de outubro, en Rio Maior e Santarém (O Ribatejo - Portugal), celebrouse a vixésimo segunda Asemblea Xeral da Asociación Europea de Xogos e Deportes Tradicionais na que se acordou este recoñecemento dos xogos tradicionais galegos. Isto implica que Galicia será invitada a sesións de estudo e intercambio de experiencias con representantes de países de fala galego - portuguesa. Ao mesmo tempo, participará no deseño de novos proxectos de estudo, recuperación e divulgación dos xogos e deportes populares, así como dos xoguetes.

Galicia estivo representada nesta Asemblea por Manuel Rodríguez e Paco Veiga, integrantes da Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional. A Asociación Europea está conformada, na actualidade, por un total de 99 persoas e entidades de todo o continente, e desenvolve infinidade de liñas de acción sobre o patrimonio lúdico europeo.

O evento foi organizado pola Federaçao Portuguesa de Jogos Tradicionais, unha entidade que integra todo tipo de colectivos, asociacións e clubs que estudan e divulgan os xogos tradicionais en Portugal. Ademais promove accións con entidades como AGXPT.

Este sábado celébrase a quedada *"Anubis Racing Winter"* no Pazo de Congresos

Os membros da asociación Anubis Racing na quedada do ano pasado no Pazo de Congresos. / Foto: Anubis Racing

Este sábado, 18 de novembro, celébrase a quedada anual "Anubis Racing Winter", da asociación melidá dos amantes dos coches, no Pazo de Congreso.

Unha xornada na que se poderá desfrutar do mundo do motor a través dunha exposición de coches, especialmente escolmados nun proceso de selección pola organización para este evento. Ademais, os asistentes poderán desfrutar de música, sorteos, postos e servizo de bar.

Esta quedada terá as súas portas abertas, dende 12:00 e ata as 20:00 horas, para todas as persoas afeccionadas aos coches que desexen visitar esta exposición. Nesta xornada contarán con representación dos clubs do automobilismo referentes de todo o territorio galego como: North Motorsport, FK8 Galicia Racing ou Roads and Mud.

A nova edición do Desafío Cerne celebrarase o vindeiro mes de maio

O cartel da vindeira edición do 'Desafío Cerne' coa data. / Foto: Desafío Cerne

A nova edición do 'Desafío Cerne', o evento deportivo que percorre zonas de Melide, Toques e Palas de Rei, xa ten data para o vindeiro ano, o cinco de maio.

Polo momento, a organización non adiantou máis detalles pero si fixo fincapé en que a data escolmada non foi escollida "á lixeira", dado que tiveron en conta outras probas, diferentes opinións, etc.

A pesares de faltar varios meses para este evento, dende a organización animan a todas e todos a anotar a data na axenda para desfrutar do MTB.

Nova etapa no Melide F.S

A nova directiva chega con moita ilusión para continuar o legado de Javier Vázquez

O Melide Fútbol Sala comezou unha nova etapa esta temporada, con moita ilusión, ganas de medrar e mellorar.

O club conta, dende o pasado xullo, cunha nova directiva formada por seis homes e tres mulleres (nais e pais dos xogadores e xogadoras). Este equipo de familias que se puxo ao fronte do Melide F.S conta que nun primeiro momento foi "complicado" poñerse ao fronte porque detrás destes cargos sen ánimo de lucro "hai moito traballo".

A nova directiva quere "continuar co legado de Javi", o fundador do club Javier Vázquez falecido o pasado outubro. Os membros do equipo directivo queren recoñecer o traballo que realizou durante anos Vázquez (natural de Castiñeiroa, na parroquia de Maceda) para que o fútbol sala tivera presenza no municipio melidá. De feito, nos partidos da fin de semana do seu falecemento, en todas as categorías se gardou un minuto de silencio e os e as futbolistas levaron un brazalete negro en memoria do que foi presidente do Melide F.S.

Grazas ao traballo incansable da directiva, a implicación do resto de familias que forman parte do club e aos patrocinadores, a maioría deles, empresas da vila, este ano estreouse equipamento. Por iso dende o club queren agradecer: por unha banda, ás familias a súa implicación e apoio nesta nova etapa; e, pola outra banda, aos patrocinadores que tiveron a ben colaborar economicamente cos equipos.

Pódese dicir que o fútbol sala en Melide está a vivir un dos seu grandes momentos, isto reflíctese no número de nenos e nenas, de entre catro e dezaoito anos, interesados en xogar nestes equipos que pasaron de sesenta e dous na temporada pasada a noventa e tres nesta. Un aumento considerable de crianzas que decidiron probar e desfrutar con este deporte.

Todos os equipos do Melide Fútbol Sala no Polideportivo Municipal na súa presentación. / Fotos: Melide F. S

A directiva ten moitas ganas de traballar polos equipos de fútbol sala pero, ao mesmo tempo, recoñece que o financiamento é limitado. "Non é fácil financiar todos os gastos que temos como club, especialmente o transporte que senos leva unha parte importante do presuposto", xa que contratan un autobús para cada partido que xogan fóra do Polideportivo Municipal melidá. Ademais, dende o equipo directivo ponse servizo de cafetería no Polideportivo para que tanto as familias locais como as visitantes poidan meterlle algo quente ao corpo, especialmente en inverno; un servizo no que os membros da directiva traballan de xeito gratuíto e no que agradecen o apoio e implicación tamén do resto de familias que forman o club, xa que senón sería moi complicado sacar a diante toda a labor que implica.

Un dos principais obxectivos que ten o Melide F.S é que a través do deporte as crianzas poidan aprender determinados valores como a empatía ou o compañeirismo, así como a práctica de hábitos de vida saudables e facer exercicio a miúdo. Este obxectivo tampouco podería ser realidade sen o papel dos adestradores, que senten un forte compromiso co club. "O bonito é que os nenos e nenas desfruten, o pasen ben e aprendan, ningún e mellor ou peor que outro, o que queremos é que os equipos vaian crecendo", comenta unha das vogais. "Para nós é importante que os cativos e cativas xoguen e o pasen ben nos partidos, por iso nas categorías que hai bastantes nenos facemos dous equipos porque non queremos que ningún quede sen xogar e se poida frustrar".

Outra das novas desta temporada é que todos aqueles afeccionados e afeccionadas que o desexen poden mercar o equipamento do Melide Fútbol Sala. Os suadoiros, chaquetas, chándal e camiseta do club xa están á venda, podes encargalos nun formulario publicado no Facebook do equipo. A roupa está dispoñible dende a talla catro ata a tres XL e as camisetas pódense personalizar co nome e número que cada persoa desexe. Dende o equipo directivo animan a toda a afección que se achega ata o Polideportivo Municipal para gozar dos partidos e mercar o equipamento, xa que non deixa de ser unha maneira máis de apoiar o fútbol sala do municipio.

Esta directiva ten moitos proxectos en mente nos que traballa a diario para facelos realidade, un deles é a formación dun equipo de fútbol sala feminino, sempre que se consigan as rapazas suficientes, un obxectivo que ven cada vez máis cerca. Os membros da directiva traen aire fresco, ideas e ilusión para devolver o fútbol sala melidá ao máximo nivel posible, sempre sen esquecer e tendo de referente o traballo realizado polo anterior presidente, Javier Vázquez.

Trixésimo terceira Semana da Música da Terra de Melide

"É unha marabilla que despois de tantos anos sigamos tendo novas actuacións"

Sempre é unha ledicia conversar coa directiva da Coral Polifónica de Melide mais se é por mor da Semana da Música a alegría é dobre.

Un ano máis, e xa van trinta e tres, a Coral organiza varias xornadas para poñer en valor e amosar todo o potencial da música da nosa comarca. Nesta edición haberá dezaoito actuacións en tres fins de semana. "Este é un ano de cambios para nós e na Semana da Música tamén os vai haber. Por suxestión dos grupos decidimos que a diferenza doutras ocasións non haberá actuacións os venres e o horario cambiouse para as sete da tarde".

A pasada fin de semana para abrir este evento musical actuaron varios grupos do municipio de Santiso: Fol da Chousa, a Coral Polifónica e a Banda de Música de Visantoña. E o domingo foi a quenda de Suso Ascariz e Carlos Fernández, A Bandiña de Melide e Leirabuxo.

Esta fin de semana "o sábado comezamos co Pozo Pequeno, o Balado de Toques e Herba Grileira. O domingo imos con Froito Novo, este ano estarán acompañados polo grupo de baile que se volveu formar e esta será a súa primeira actuación; a Coral Vía Sacra de Sobrado, e a Maristela", comenta Ánxela López, organizadora e presidenta da Coral Polifónica do municipio. "Os dous últimos días temos outra das novas, a artista melidá Nadia Sniba, e a maiores estarán Xoan Curros, Irene Rúiz e Cuarta Xusta, que aproveitará a ocasión para estrear o seu novo videoclip. Será un 25 de novembro moi simbólico, xa que haberá moita música en feminino. O domingo, será a quenda de Xisela Garea, que ao mellor trae compañía; os Melidaos e para pechar a Coral Polifónica de Melide".

O cartel da trixésima terceira Semana da Música da Terra de Melide. / Foto: Coral Polifónica de Melide

A Semana da Música da Terra de Melide é un evento interxeracional porque une, tanto na parte artística como no público, a persoas de todas as idades. "Que despois de tantos anos sigamos tendo novos grupos e solistas dispostos a actuar nunha comarca tan pequena paréceme marabilloso. A maiores, se hai algún cantante ou agrupación que se está formando por aí e non o sabemos que se poñan en contacto cos nós porque é xenial que cada ano poidan participar diferentes artistas nesta semana tan especial", fai fincapé Ánxela López.

Non obstante, este gran evento cultural non sería posible sen a organización da directiva da Coral Polifónica do municipio porque ten moito traballo detrás, porén López tamén quere agradecer e poñer en valor a implicación "dos nosos colaboradores, Marisol Negro, a nosa presentadora que sempre está disposta, e Xacobe, o noso técnico de son que xa é un imprescindible. Ademais, non nos podemos esquecer dos traballadores da Administración local que sempre nos reciben cun sorriso e buscan solucións para pequenos problemas que xorden. Tamén agradecer o patrocinio da Deputación da Coruña e do Concello de Melide, doutras pequenas empresas da localidade que axudan no que poden e dos medios de comunicación como é o Cerne que sempre é un pracer contar con eles".

A maiores, a Coral Polifónica está abrindo unha nova etapa porque "temos novo director que é Manuel Yáñez, despois da xubilación de Valeri Moriatov, que nos ten moi entusiasmados e ilusionados a todos porque estamos facendo cousas novas. Ás veces uns aires de cambio a unha formación tan clásica como a nosa veñen de marabilla. Confiamos en poder cumprir coas expectativas do público, por agora é moi pronto porque levamos pouquiño tempo desta nova etapa pero algo diferente xa podemos facer", afirma López.

O que non mudou nesta nova era da Coral Polifónica de Melide é o bo ambiente e dinámica do grupo, iso si, as portas seguen abertas "por se houbese alguén ao que lle gusta cantar e se anime a formar parte da nosa familia pode facelo. É certo que temos dúas voces novas masculinas que nos encantou recibir", resaltan dende a directiva da Coral.

Un dos obxectivos principais da Semana da Música da Terra de Melide é que os e as artistas "saian contentos a cantar e tocar e o público desfrute moito", comenta Ánxela López. Todo isto sen esquecer que este evento é unha posta en valor da nosa música, da nosa xente e da nosa cultura, "forma parte do noso espírito como pobo, necesitámolo para vivir", destaca López.

Bailadoras de Froito Novo. / Foto: F. N



Casa Juanito

Más de 100 años de prestigio y calidad

Especialidad en:

Pimentón *Legumbres*

Bacalao *Vinos* *Licores*



Gran surtido en cestas de navidad y baúles
Regalos navideños con productos
conocidos y de prestigio

Mateo Segade Bugueiro, 39 - MELIDE / Tfno e Fax: 981 50 51 03 / casajuanito1910@gmail.com

Jesús Castro Varela, J. Xaneiro S.L

"Calidade, seriedade e rapidez son as claves para que unha empresa do noso sector funcione"

- Que produtos vendedes no voso establecemento?

- Jesús Castro: No noso almacén de Melide vendemos todo tipo de pensos, cereais, sementes, abonos, plantas hortícolas, todo o relacionado co campo. Ultimamente, estamos introducindo novos produtos como todo o relacionado coa apicultura, botas e zapatos de traballo, entre outros.

Por outro lado, na nosa fábrica en Toques vendemos setas, grelos, castañas, folla de loureiro, froitas do bosque, entre outros. Vendemos estes produtos en diferentes formatos como: deshidratado, conxelado, lata e fresco.

Jesús Castro no seu establecemento en Melide, na Avenida de Toques e Friol, rodeado de mercancía. / Foto: Cerne

- Estamos en temporada de setas, como está indo? É ano de cantidade e calidade?

- J.C: Este ano, a principios de setembro empezou a saír bastante castaña pero era de moi mala calidade. Por agora, de momento, segue bastante mal en canto a cantidade posto que hai moi pouca, pero si ten moi boa calidade. Ademais, os grandes mercados demandan moito este produto.

- Cantos quilos de setas podedes chegar a vender ao longo do ano?

- J.C: As setas e moi difícil de predicir a produción anual, este ano pensamos en facer unha campaña de 40.000 - 50.000 quilos, dado que compramos en todo o territorio de Galicia e tamén nos desprazamos a zonas como Zamora e Ponferrada. Non obstante, houbo anos recentes que fixemos 80.000, 90.000 e inclusive 100.000 quilos de setas.

- Cales son as máis demandadas?

- J. C: As máis demandada segue sendo o *boletus*, aínda que ultimamente están tendo moito tirón dúas variedades de *cantharelos*.

- Como vai a tempada de castañas?

- J.C: A campaña de castañas, que xa está a punto de finalizar, esperábamos unha campaña histórica en canto a cantidade e calidade pero debido ás altas temperaturas que houbo a mediados de setembro a castaña empeorou na súa calidade. De feito, a castaña que era tardía non chegou nin a crecer polo que tivemos moitos problemas a hora de comercializar este produto.

- No voso negocio tamén traballades con diversos froitos como os arandos ou as grosellas, intentades que sexan produtos o máis próximos posible ou tamén mercades noutros países.

- J.C: Intentamos sempre comprar produto o máis próximo posible aínda que este ano debido á gran cantidade de pedidos que tivemos houbo que recorrer tamén a produtos doutros países. Porén, sempre preferimos produto da comarca polo que animamos aos produtores locais a que se acheguen a vendernos.

- Outra das vosas ramas como establecemento é a venda de artigos para a horta, a xente demanda cada vez máis este tipo de produtos?

- J.C: Si que notamos na pandemia que houbo un aumento moi grande deste tipo de produtos, pero foi un momento moi puntual. Non obstante, si que é certo, que se demanda máis e máis variedade de plantas hortícolas que antes.

- A suba dos prezos é unha realidade evidente, como vos afectou no voso caso?

- J.C: Afectounos en todos os ámbitos da empresa. No almacén houbo unha considerable suba de prezo sobre todo en abonos químicos e en fitosanitarios. Logo, na fábrica notámolo sobre todo no empaquetado e nos custos do transporte.

- Como reacciona a clientela a esta suba dos prezos? Compra menos?

- J.C: Hai produtos que a xente necesita comprar como os pensos dos animais, que os necesitan para a alimentación dos seus animais e non poden deixar de mercalos pero si reduciron o seu consumo. Porén, non foi un descenso tan considerable como no caso dos abonos que baixou entre un 70 - 80 % o seu consumo.

- Coa chegada do inverno outro dos artigos que máis saen son os sacos de *pellets*, un tipo de calefacción moi en auxe. Durante o ano pasado falaban dun forte incremento do seu prezo, seguen subindo ou estabilizaron os seus custos?

- J.C: Estabilizáronse un pouco os custos pero seguen sendo caros.

- En J. Xaneiro S.L o relevo xeracional está garantido pero tedes ou tivestes problemas para atopar persoal?

- J.C: Si, temos moitos problemas para atopar persoal, sobre todo porque non é un negocio estable senón que hai moitos picos nos que, ás veces, necesitase moita xente e noutra menos, entón ao a xente busca outros empregos nos que poida estar máis tempo.

- Que dirías que é o máis complicado de rexentar un negocio como o voso?

- J.C: A loxística, distribución e o márketing. A nós non se nos fai moi complicado porque levamos moito tempo no negocio e temos clientela fixa pero si é certo que, ás veces, atopamos problemas en algún dos eidos mencionados anteriormente.

- En J. Xaneiro S.L contades cunha ampla experiencia no sector, cal é o segredo para facerse un oco?

- J.C: Calidade, seriedade e rapidez. Intentamos estar co mellor produto o antes posible nos mellores mercados, asegurando un prezo xusto. Ese é o gran segredo dunha empresa do noso sector.

- Algunha cousa máis que comentarnos?

- J.C: Como curiosidade da nosa empresa que pouca xente sabe, compramos e traballamos especias, plantas medicinais e aromáticas. Un bo exemplo disto é a folla de loureiro que deshidratamos e preparamos para a súa comercialización. Podemos chegar a traballar sobre 120.000 quilos anuais de folla de loureiro, que traemos doutras zonas. É certo que na nosa zona temos este produto que podemos comercializar, porén non hai xente para recoller a folla, polo que suxerimos a xente que o recolla e o comercialice con nós.

J. Xaneiro S. L
Avda. de Toques e Friol, 57
15800, Melide
Tlf: 981 505 335

Instituto de la Sordera

CAMPAÑA DE DETECCIÓN PRECOZ DE LA PÉRDIDA AUDITIVA

2023

NUESTRA MISIÓN EMPRESARIAL ES HACER SU VIDA MÁS SENCILLA CON UNA SOLUCIÓN BRILLANTE



Se colocan totalmente dentro del oído, prácticamente invisible.

No solo es un excelente audífono, es una verdadera solución multifuncional.

- **Sonido claro y variado.**
- **Conexión a teléfonos inteligentes, TV y más**
- **Tecnología recargable** (olvídese de las pilas), se cargan rápidamente y ofrecen un día completo de audición.
- **Se activan automáticamente** al retirarse del cargador y se desactivan cuando se vuelven a colocar.

PRUÉBELOS ¡UN MES GRATIS! EN CASA

Y PÁGUELOS CÓMODAMENTE EN PLAZOS DE 3, 6, 12 Ó 36 MESES

Solicite **UNA CITA** en nuestro Centro Auditivo para realizarle un completo examen auditivo, **sin coste para usted**

Estudio Auditivo Gratuito

E-15-001359

INSTITUTO DE LA SORDERA S.L.
Ronda da Coruña, 34
15800 Melide - A Coruña
Tel.: 981 50 72 87
648 75 47 61

Pedir hora